



Concello de Vigo
Expte. 4720/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 21/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE NOVEMBRO DE 2024

ORDE DO DÍA

1. Actas anteriores: ordinaria do 28 de outubro, extraordinaria do 7 de novembro e extraordinaria do 14 de novembro 2024.
Declaracións institucionais.
2. Declaración Institucional acordada pola FEMP: "Con la ciudadanía y los ayuntamientos de la Comunidad Valenciana, Castilla - La Mancha y Andalucía afectados por la DANA". Expte. Pleno 4721/1101.
3. Declaración Institucional polo 25 de novembro, "Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres". Expte 13434/224 (Expte. Pleno 4719/1101).

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

4. Aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025. Expediente 1742/110. (Expte. Pleno 4714/1101).

Mocións:

5. Moción do grupo municipal do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista. Expte. Pleno 4725/1101.
6. Moción do grupo municipal do Partido Popular referente ao tren de alta velocidade Vigo-Porto a través da saída sur e Vigo-Madrid directo por Cerdedo. Expte. 4726/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 1 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a cumprir o mandato do Goberno de España de facilitar a participación dos concellos na xestión e execucións dos fondos transferidos á Comunidade Autónoma e outros acordos complementarios. Expte. 4727/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia que atenda aos colexios de Vigo. Expte. 4728/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a volta a gratuidade total dos libros de texto. Expte. 4729/1101.

PARTE DE CONTROL

Resolucións.

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/10/2024 e o 17/11/24, incluídas no expediente 1787/1102. (Expte. Pleno 4722/1101) .
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/10/2024 e o 17/11/24, incluídas no expediente 1788/1102. (Expte. Pleno 4723/1101).
12. Formulación de rogos.
13. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 2 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NON ASISTE:
Silva Rego, M^a Carmen, 1^a Tenente de Alcalde.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos (09:08) do día vinte e cinco de novembro do ano dous mil vinte e catro (25/11/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(212). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 28 DE OUTUBRO, EXTRAORDINARIA DO 7 DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 14 DE NOVEMBRO 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (26) da Corporación apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 18/2024 ordinaria, celebrada o 28/10/2024.
- Sesión núm. 19/2024 ordinaria, celebrada o 7/11/2024.
- Sesión núm. 20/2024 ordinaria, celebrada o 14/11/2024.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAIS.

2.(213). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL ACORDADA POLA FEMP: "CON LA CIDADANÍA Y LOS AYUNTAMIENTOS DE LA COMUNIDAD VALENCIANA, CASTILLA - LA MANCHA Y ANDALUCIA AFECTADOS POR LA DANA". EXPTE. PLENO 4721/1101.

ANTECEDENTES: Con data 19 de novembro, a Alcaldía remite ao Rexistro do Pleno 4721/1101, a seguinte Declaración,

DECLARACIÓN DE LA JUNTA DE GOBIERNO DE LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

"Con la ciudadanía y los ayuntamientos de la Comunidad Valenciana, Castilla-La Mancha y Andalucía afectados por la DANA"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 3 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

La tarde y noche del 29 de octubre, un terrible temporal de lluvia torrencial, viento y una sucesión de tormentas originadas por la DANA arrasó varios municipios; en especial de las provincias de Valencia y Albacete, originando un número aún indeterminado de víctimas mortales y decenas de desaparecidos. La pérdida de vidas humanas se va a contar en centenares.

Los servicios de Protección Civil y Emergencias, las Fuerzas Armadas, las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, organizaciones no gubernamentales, Policías Locales y las administraciones más cercanas a la ciudadanía se movilizaron, evitando una desgracia aún mayor. Los ayuntamientos, las diputaciones provinciales, los gobiernos autonómicos y el Gobierno de España se pusieron a disposición, atendiendo, apoyando y volcándose en situaciones dramáticas, así como en la búsqueda de las personas desaparecidas.

La FEMP ha mostrado desde el primer momento su solidaridad con todos los afectados, convocando al día siguiente a un minuto de silencio en las entidades locales del país. Posteriormente, estableció canales de ayuda en la recogida de alimentos y productos con la Federación Valenciana de Municipios y Provincias, así como en el envío de personal y efectivos necesarios con la Generalitat Valenciana.

Tras estas actuaciones, incidió en priorizar la ayuda económica a través de Cruz Roja Española. Por todo ello, esta federación se siente orgullosa de la solidaridad de todos los municipios, al comprobar cómo en apenas unas horas, han sido capaces de planificar recogidas y almacenamiento de productos para después organizar la logística.

Hoy mediante esta declaración institucional de la Junta de Gobierno se quiere mostrar de manera solemne que el apoyo a los ayuntamientos y diputaciones, para que puedan ayudar directamente a los vecinos y vecinas, sigue y seguirá prestándose de la forma más ágil e inmediata. Cuando el barro se seque, cuando se achique el agua, se puedan acondicionar caminos y reconstruir viviendas, puentes y restablecer infraestructuras, la FEMP seguirá su compromiso con las entidades locales.

Por todo ello, la Junta de Gobierno de la Federación Española de Municipios y Provincias:

- 1 Defiende la unidad de todos ante esta catástrofe y traslada su solidaridad a los familiares de las víctimas y personas desaparecidas, así como a cuantos han perdido su casa o se han visto obligados a abandonar sus hogares.
- 2 Comparte la predisposición y apoyo necesarios a la hora de favorecer e implementar todas aquellas declaraciones y planes de ayuda que establezcan el Gobierno de España -toda vez que acaba de declarar ¡os territorios que han sufrido la DANA como zona gravemente afectada- y los gobiernos de las comunidades autónomas, como así están haciendo cada uno de ellos.
- 3 Valora el trabajo insustituible de los servicios de Protección Civil y Emergencias, las Fuerzas Armadas, las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, las organizaciones no gubernamentales, los profesionales sanitarios, los medios de comunicación y todos cuantos han contribuido a reducir las consecuencias de estos temporales,
- 4 Agradece la disposición mostrada por todo el país, en especial de los voluntarios anónimos que se han desplazado a ayudar a los que más están sufriendo estos días.
- 5 Ofrece su ayuda a los ayuntamientos más afectados, para que puedan realizar sus gestiones, solicitar compensaciones de seguros, ayudas y subvenciones. Asimismo, ha dispuesto un equipo de respuesta rápida para todas las entidades locales que se han puesto en contacto con la FEMP con la intención de apoyar a las zonas afectadas.
- 6 A la espera de conocer la magnitud total de los temporales, se solidariza con quienes en otras comunidades autónomas de España han sufrido las consecuencias de la



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 4 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DANA, donde también se ha lamentado la pérdida de vidas humanas y se han producido daños importantes de carácter material.

Non habendo deliberacións, queda aprobada a Declaración Institucional por asentimento dos vinte e seis (26) membros presentes da Corporación.

3.(214). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO, “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE 13434/224 (EXPTE. PLENO 4719/1101).

A Presidencia da conta da Declaración Institucional polo “Día Internacional para a eliminación da Violencia contra as Mulleres”, e dálle a palabra en representación do Consello a D^a Luisa Ocampo Pereira, da asociación “Mulheres Nacionalistas Galegas”, colectivo integrante do Consello Municipal da Muller, que literalmente di:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

O 25 de Novembro, *Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller*, foi instaurado pola ONU para conmemorar o asasinato das irmáns Mirabel, na República Dominicana. Isto obríganos a mirar de fronte esta realidade, a violencia que sofren mulleres e nenas, en razón do seu sexo. E ao mirar de fronte esta realidade encontramos **as cifras da vergoña**.

Mobilizámonos neste concello, polo número de mulleres asasinadas este ano en Galicia. Catro vítimas mortais do terrorismo machista, pero a nosa mirada ten que ir máis alá, a buscar as outras cifras da vergoña.

Son 43.075, os casos galegos de violencia machista seguidos polo sistema VioGén do Ministerio do Interior.

Son 7.483 as denuncias presentadas nos xulgados galegos ao longo do ano 2023.

Son 1.229 as ordes de protección ditadas nese mesmo ano.

Son 729 as mulleres con seguimento polo sistema ATEMPRO (servizo de atención e protección a vítimas de violencia machista).

Son 4.053 as mulleres maiores de idade prostituídas no noso país, só en pisos ou locais.

Son 914 os delitos xulgados contra a liberdade sexual e, destes, 114 corresponden a agresións múltiples, as novas “manadas”.

A estas cifras, hai que sumar os centos de miles de testemuños, de casos relatados polas nosas irmás, fillas, nais, avoas, curmáns, tías, amigas, veciñas..., que non chegan aos rexistros oficiais. Todas e todos coñecemos esa realidade, esas cifras que falan dunha sociedade machista, que practica a violencia contra as mulleres.

- . Corresponde ás institucións: aprobar e aplicar políticas que revertan estas cifras.
- . Corresponde ás institucións: crear, manter e desenvolver as estruturas e servizos necesarios para a prevención e asistencia a vítimas.
- . Corresponde ás institucións: revisar as súas estruturas e fundamento para limpar o machismo institucional.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 5 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- . Corresponde ás institucións: garantir que os seus representantes practiquen co exemplo e non manteñan actitudes machistas ou negacionistas da violencia contra as mulleres.
- . Corresponde ás institucións: aplicar políticas abolicionistas da pornografía e a prostitución, teoría e práctica da violencia machista.
- . Corresponde ás institucións: marcar estratexias para que nos centros de ensino se transmitan os valores da coeducación, garantía de prevención da violencia machista.
- . Corresponde ás institucións: illar ao machismo na súa programación cultural e deportiva e nas súas relacións e comunicacións coa cidadanía.

As mulleres e mozas, organizadas no feminismo, movemento que defende o seu dereito á igualdade e a unha vida sen violencia, conciencian á sociedade coa súa análise teórica e a súa práctica mobilizadora, e enfrontan un momento onde a reacción machista, pretende dar pasos atrás nos dereitos conseguidos.

Toca, desde o conxunto dos concellos galegos e da Xunta de Galicia, renovar o compromiso coas mulleres e mozas. Para conseguir un país libre de violencias machistas, para que o próximo ano, cando corresponda mirar de fronte **as cifras da vergoña**, podamos mirar aos ollos a estas mulleres e asegurar “imos por bo camiño”.

Non habendo deliberacións, queda aprobada a Declaración Institucional por asentimento dos vinte e seis (26) membros presentes da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4.(215). APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO ANO 2025. EXPEDIENTE 1742/110. (EXPTE. PLENO 4714/1101).

ANTECEDENTES: Con data 4 de novembro o Secretario Xeral do Pleno co conforme da concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 22/10/2024 remitiuse ás diferentes áreas e servizos municipais, coa conformidade da Concelleira delegada da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, a solicitude de presentación das iniciativas regulamentarias a incorporar ao Plan Anual Normativo 2025 deste Concello.

Segundo.- Con data 23/10/2024 incorporáronse ao expte electrónico 1742-110 as iniciativas regulamentarias da Concellería da área de goberno de Orzamentos e Facenda e da Concellería delegada da área de goberno de Urbanismo e Vivenda.

Normativa aplicable



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 6 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC).
- Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno [*no que sexa adaptable á Administración Local*].
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno (Lei 19/2013).
- Directrices para a elaboración do “Plan Anual Normativo e avaliación normativa posterior”, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 31/08/2017 (expte 1464/110).

Informe.

Primeiro.- Sobre a planificación normativa.

O artigo 4.1.a) da LBRL atribúe aos municipios, na súa condición de administracións públicas (en adiante AAPP) de carácter territorial, dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e de auto organización.

A Lei 39/2015, LPAC, no seu Título VI, adicado á iniciativa legislativa e á potestade regulamentaria, fai referencia aos principios de boa regulación aos que as AAPP ten que axustarse no exercicio desa potestade regulamentaria. Así, o artigo 129 establece que as AAPP actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Ao obxecto de acadar unha maior *predictibilidade*, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte. Os plans normativos deben incluír as novas disposicións regulamentarias e as modificacións das existentes, incluso as derogacións. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente. Incrementase así a transparencia no exercicio da iniciativa normativa o permitir, coa publicación do seu contido, que tanto o resto de AAPP, como os cidadáns poidan coñecer con antelación que normas se ten previsto aprobar polo Concello.

Con este instrumento, segundo o Preámbulo da Ley 39/2015, -LPAC-, se aposta por mellorar a planificación normativa "ex ante", co obxecto de asegurar o exercicio da potestade regulamentaria das entidades locais, neste caso, "*de acuerdo con los principios de buena regulación, garantizar de modo adecuado la audiencia y participación de los ciudadanos en la elaboración de las normas y lograr la predictibilidad y evaluación pública del ordenamiento*".

Segundo.- Sobre a súa regulación.

A Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno, aplicable ao goberno do Estado, poderá aplicarse subsidiariamente ás entidades locais (EELL) en todo o que se poida adaptar á organización da Administración Local para a interpretación da obriga arriba sinalada, no seu artigo 25 indica:

“Artículo 25. Plan Anual Normativo.

1. El Gobierno aprobará anualmente un Plan Normativo que contendrá las iniciativas legislativas o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.
2. El Plan Anual Normativo identificará, con arreglo a los criterios que se establezcan reglamentariamente, las normas que habrán de someterse a un análisis sobre los resultados de su aplicación, atendiendo fundamentalmente al coste que suponen para la Administración o los destinatarios y las cargas administrativas impuestas a estos últimos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 7 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Cuando se eleve para su aprobación por el órgano competente una propuesta normativa que no figurara en el Plan Anual Normativo al que se refiere el presente artículo será necesario justificar este hecho en la correspondiente Memoria del Análisis de Impacto Normativo.

4. El Plan Anual Normativo estará coordinado por el Ministerio de la Presidencia, con el objeto de asegurar la congruencia de todas las iniciativas que se tramiten y de evitar sucesivas modificaciones del régimen legal aplicable a un determinado sector o área de actividad en un corto espacio de tiempo. El Ministro de la Presidencia elevará el Plan al Consejo de Ministros para su aprobación antes del 30 de abril.

Por orden del Ministerio de la Presidencia se aprobarán los modelos que contengan la información a remitir sobre cada iniciativa normativa para su inclusión en el Plan.”

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”, a cuxo contido nos remitinos.

As Directrices advertían que con anterioridade ao 15 de outubro remitiríanse á Secretaría Xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 22/10/2024.

Subliñase que, de acordo coa directriz sexta, “*Quedan excluídas do Plan Anual Normativo as Ordenanzas Fiscais e as súas modificacións, así como o Plan Xeral de Ordenación Municipal e as súas modificacións*”.

Terceiro.- Sobre o procedemento e o órgano competente.

O procedemento para levar a cabo a aprobación do Plan é o seguinte:

- A aprobación do Plan Anual Normativo municipal, redactado polo Servizo de Secretaría Xeral (directrices segunda e cuarta), deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local (en adiante XGL).
- Unha vez aprobado, de acordo co artigo 2.1.) da Lei 19/2013, o Plan Anual Normativo debe publicarse no portal de transparencia da entidade local.

O Órgano competente para a súa aprobación, nos concellos do Título X da Lei 7/1985 (LBRL) (municipios de gran poboación), de acordo co establecido no art. 127.1.a) da LBRL, en relación co artigo 25 da lei 50/1997, de 27 de novembro, entendemos que corresponde á Xunta de Goberno Local.

O Dictamen 752/2017, de 21 de novembro, do Consejo Consultivo de la Comunidad Valenciana, confirmaba que é práctica usual nos municipios de gran poboación a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, en aplicación do art. 127.1.a) da Lei 7/1985, -LRBRL-.

Se ben non consta referencia legal algunha que atribúa expresamente esta competencia a órgano municipal algún, compartimos esa opinión polos motivos seguintes.

En primeiro lugar, pola propia consideración xurídica do Plan Normativo, conforme o entende a xurisprudencia. Así, entre outras, a Sentencia do TSJ de Castilla y León de 14 de outubro de 2022:

- “...La naturaleza del plan normativo es la de un instrumento de carácter programático, carente de valor normativo, por lo que no puede afectar a la validez de la Ordenanza. Por otra parte, en el presente supuesto, la ausencia de un plan normativo no ha impedido la participación ciudadana en la elaboración de la Ordenanza fiscal, pues se ha dado a la tramitación suficiente publicidad. Teniendo en cuenta lo señalado, ha de concluirse que el vicio sería de carácter formal, no habiéndose acreditado que haya causado indefensión material a algún interesado.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 8 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conforme a esta interpretación, ademais de acreditar que a súa ausencia non supón a nulidade do texto normativo que sexa aprobado seguindo o procedemento legalmente establecido, se afirma que o Plan Normativo non é un instrumento inserido no proceso de xeración da nova regulamentación, o que suporía que tería que estar atribuído ao Pleno da Corporación, senon como unha medida de transparencia que se instaura co obxectivo de facilitar o seguimento e control da actividade administrativa.

En segundo lugar, conectado co anterior, se entende que ese Plan se debe elaborar por quen de forma ordinaria *plantea* este tipo de propostas ao órgano que posteriormente resolverá sobre a súa aprobación, como medida de anticipación á labor que se vai desenvolver posteriormente durante o exercicio. Polo tanto, o mais coherente é entender que este documento (Plan normativo) ten que ser aprobado por quen, de forma ordinaria, vai a elevar as propostas normativas ao órgano competente para a súa aprobación definitiva. Neste senso, parece que se pronuncia expresamente o citado art. 132 LPAC al conter o inciso "...que contendrá las iniciativas legales o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente."

En terceiro lugar, e nesa mesma liña de coherencia, nos municipios de gran poboación o art. 127.1 LRBRL atribúe á Xunta de Gobierno Local no só a competencia para aprobar os proxectos de ordenanzas e regulamentos, xenon en termos xerais, as funcións executivas do Gobierno Local, polo que parece lóxico que sexa este órgano quen aprrobe o Plan Normativo.

A pesares do antes sinalado, de non reunir a natureza de norma regulamentaría e non ser o instrumento normativo adecuado para asignar competencias aos órganos municipais, a directriz cuarta das arriba sinaladas (aprobadas pola XGL) atribúe a competencia para a aprobación "definitiva" ao Pleno nos termos seguintes: "CUARTA. A Secretaría Xeral do Pleno propondrá a **aprobación previa do proxecto de Plan Normativo á Xunta de Gobierno Local** con anterioridade ao 1 de novembro do ano anterior a súa vixencia; **o proxecto será elevado ao Pleno para a súa aprobación na sesión ordinaria do mes de novembro** e publicarse no BOP e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data anterior ao 31 de decembro." En cumprimento desta directriz en anteriores exercicios se ven aprobando o plan normativo anual do Concello de Vigo polo Pleno. A maioría simple será a requirida para esa aprobación do Plan Anual Normativo, seguindo a regra xeral do artigo 47.1 da LBR.

Cuarto.- Iniciativas recibidas.

En resposta ao tramite 3 do expediente electrónico 1742/110, polas distintas Áreas de goberno municipal se remitiron á secretaría xeral as propostas de planificación normativa, exercicio 2025. Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas son as seguintes:

I. Área de Orzamentos e Facenda (trámite 7 do expte electrónico 1742/110, cód. doc. 240312686 do 14/10/2024, expte. 6100/550).

Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

Obxectivo xeral da norma.- Adaptación do Regulamento vixente, aprobado polo Pleno do Concello de 14 de xuño de 2004 (BOP de 15 de xuño) ás modificacións normativas que dende entón tiveron lugar (incluíndo a adaptación a unha linguaxe inclusiva e igualitaria) así como acadar unha axeitada eficiencia na organización e funcionamento do Tribunal.

Tramitación.- artigos 137.5 e 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. En virtude do artigo 133,4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non require dos trámites de consulta, audiencia e información pública previos.

- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Gobierno Local: 1º trimestre do 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 1º trimestre do 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: 1º trimestre do 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 1º trimestre do 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 9 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II. Área de Urbanismo E Vivenda (trámite 8 do expte electrónico 1742/110, cód. doc. 240330229 do 22/10/2024).

Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.

Obxectivo xeral da norma.- Adaptación da Ordenanza as modificacións normativas con incidencia directa nas previsións da Ordenanza como a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e o seu regulamento, a Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e o seu regulamento ou a Lei 10/2017 de espectáculos e actividades recreativas de Galicia, etc.

Tramitación.-

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: Xaneiro 2025.
- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: xaneiro 2025.
- Data estimada informe proposta: marzo 2025.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: marzo 2025.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: marzo 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: Abril 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: Abril 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: Maio 2025.

III. Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (trámite 9 do expte. electrónico 1742/110, cód. doc. 240336093 do 30/10/2024).

Regulamento orgánico do goberno e da administración do concello de Vigo.

Obxectivo xeral da norma.- establecer o réxime xurídico aplicable á organización, goberno e administración do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 123.1.c da LRBRL.

Tramitación.-

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: Non aplica.
- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: Non aplica.
- Data estimada informe proposta: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: Segundo semestre 2025.

IV. Área de Medio Ambiente (trámite 10 do expte electrónico 1742/110, cód. doc. 240336426 do 30/10/2024).

Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.

Obxectivo xeral da norma.- Desenvolvemento da normativa vixente no ámbito municipal sobre servizos nos cemiterios municipais.

Tramitación.-

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: Primeiro cuadrimestre 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 10 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: Primeiro cuadrimestre 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: Segundo cuadrimestre 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: Segundo cuadrimestre 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: Cuarto cuadrimestre 2025.

Proposta de acordo

Por todo o anteriormente exposto, de conformidade coas propostas formuladas e co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, se eleva á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta de acordo,

De seguido o funcionario informante emite o acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

En data 8 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta.

Ditame. O 18 de novembro a Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ditamina favorablemente a mencionada proposta.

Con data 20.11.24, o voceiro do grupo municipal do BNG presenta no Rexistro Electrónico do Pleno (W1212782-6633) Expte. 4724/1101) voto particular (emendas parciais ao ditame).

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR: Con tres votos (3) a favor dos membros presentes do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco (5) abstencións do membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e dezaioito (18) votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal rexeita as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaioito votos (18) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 11 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Aprobar o proxecto de Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 no que se inclúen as seguintes normas:

- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.
- Regulamento orgánico do goberno e da administración do concello de Vigo.
- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.

Segundo.- Elevar o acordo adoptado ao Pleno para a súa aprobación, en cumprimento das “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual”.

Terceiro.- Publicar o Plan Normativo municipal, exercicio 2025, no Portal da Transparencia deste Concello co fin de que este a disposición dos interesados.

.- **Incidencia. Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

MOCIÓNS:

5.(216). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA. EXPTE. PLENO 4725/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4676/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia machista é o problema máis importante que afecta a vida das mulleres na nosa sociedade. Unha violencia que, malia os intentos de negala ou homologala a calquera violencia que impulsan as posicións retrógradas da dereita e da extrema dereita, é consecuencia dun sistema de dominación social contra as mulleres, o patriarcado. Fronte a efemérides e datas sinaladas que se converten en rituais e baleiras de contido, a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en propostas concretas que melloren a aplicación e desenvolvemento das leis e dos seus instrumentos.

Desde que o inicio das estatísticas no ano 2003, compútanse máis de 70 mulleres asasinadas na Galiza, unha cifra que temos que ser conscientes de que é incompleta pola limitación ao longo do tempo das categorizacións dos feminicidios e pola



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 12 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

invisibilidade na que aínda quedan moitos casos pola situación de especial vulnerabilidade das vítimas. No que vai de 2024, o feminismo galego convocounos ás rúas para mobilizarnos xa contra tres feminicidios. En outubro o terrorismo machista acabou coa vida de Fadoua Akkar, asasinato que deixa tamén unha vítima de violencia vicaria, unha crianza de 13 anos; en agosto saímos as rúas ante o feminicidio de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos e en marzo contra o asasinato de Andrea Yturry Alave, de 25 anos, que deixaba tamén unha crianza.

É incuestionable a existencia da violencia machista e o seu forte impacto no noso país. No que vai de 2024 xa acadamos a mesma cifra de feminicidios que no ano 2023. Os feminicidios son a consecuencia máis extrema dunha violencia que no último ano enteiro deixa máis de 1400 ordes de afastamento, 7795 casos activos en Viogen, do que 3231 contan con protección oficial, ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (un 20%).

Ante esta situación observamos con preocupación como as cifras se asumen cada vez máis como parte do día a día, normalizándose no lugar de escandalizar. A isto contribúen os discursos negacionistas e banalizadores, mais tamén aqueles que procuran situar a violencia machista como algo individual ou inevitable, cando existe unha responsabilidade colectiva, **institucional e social**, a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres.

É preciso, polo tanto, avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista e dos feminicidios. Galiza conta cunha lei pioneira, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que inclúe medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se cumpren ou que non se desenvolven e nos que se está a fallar.

Un destes aspectos é o da atención psicolóxica, absolutamente fundamental para que as vítimas poidan romper coa espiral de violencia e para que se recuperen. Desde hai dezasete anos a lexislación contempla que este servizo se preste de maneira integral e como parte da Atención Primaria. Porén, isto non é unha realidade e os programas de atención psicolóxica que se prestan a través da colaboración co Colexio de Psicología ou a Fundación Meniños, sendo moi importantes e axudando a moitas mulleres, chegan apenas ao 20% das vítimas e teñen limitadas as súas sesións.

Outro aspecto fundamental para a loita contra a violencia machista é reforzar os recursos de proximidade, como son os Centros de Información á Muller, que se ben son de titularidade municipal, é a Xunta de Galiza quen delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións e contribúe ao seu financiamento. Malia ser unha demanda histórica do municipalismo e das traballadoras destes centros, a Xunta de Galiza segue sen abordar unha mellora do seu financiamento, a fixación de rateos mínima de persoal e a ampliación de categorías profesionais.

Finalmente, cómpre sinalar a preocupación ante importantes pasos atrás no simbólico e na articulación do sistema de protección ás vítimas que está a dar o goberno do Partido Popular. Despois da supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e de rebaixar o seu rango institucional, o goberno da Xunta avanza na privatización dos novos recursos aos que obriga o marco estatal de loita contra a violencia sexual malia transferírselle fondos europeos para a súa creación. Unha decisión intolerable, que vai



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 13 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

precarizar a atención ás vítimas e ante a que só cabe sinalar que a violencia machista non é un negocio para seguir engordando os beneficios de empresas multiservizos.

Cada 25 de novembro debemos homenaxear ás miles de mulleres e de colectivos de mulleres grazas aos que a violencia machista está no centro do debate político e a única maneira de o facer é comprometermos con máis avances.

Por estes motivo, cómpre que a Corporación Municipal de Vigo reafirme o seu compromiso na loita contra a violencia machista, rexeitando calquera discurso banalizador ou negacionista así como calquera retroceso que elimine ou privatice recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e anima á veciñanza da noas cidade a secundar as mobilizacións do movemento feminista.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:

1 Aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada e orzada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluírá, en colaboración co Colexio de Psicoloxía de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.

2 Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

3 Rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias.

Segundo.- Instar ao Goberno municipal a facer das políticas feministas unha prioridade na axenda municipal impulsando, entre outras, as seguintes medidas:

1. Aumentar significativamente os recursos que o Concello de Vigo dedica a campañas de sensibilización en contra da violencia machista.

2. Promover a actualización, coa participación do movemento feminista, do Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades, aumentando o seu financiamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 14 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Posta en marcha dun novo Programa Municipal de Apoio a Mulleres vítimas de violencia machista.
4. Reforzar con máis medios o actual Centro de Información ás Mulleres (CIM) e impulsar as medidas necesarias, en colaboración con outras administracións, para a apertura de dous novos CIM nos barrios de Coia e Teis.
5. Aprobar e asignar os recursos económicos necesarios para o despregamento do “Plan para abolición da prostitución” anunciado pola concelleira de Igualdade no Consello Municipal da Muller do pasado 26 de setembro de 2024.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con sete (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e dezaioito (18) abstencións dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.24 (Rex. Nº 4725/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *“Relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(217). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR REFERENTE AO TREN DE ALTA VELOCIDADE VIGO-PORTO A TRAVÉS DA SAÍDA SUR E VIGO-MADRID DIRECTO POR CERDEDO. EXPTE. 4726/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2024, número 4726/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN

“TREN DE ALTA VELOCIDADE VIGO-PORTO A TRAVÉS DA SALIDA SUR E VIGO-MADRID DIRECTO POR CERDEDO.

Exposición de motivos

A conexión ferroviaria de Vigo con Porto e Madrid a través da alta velocidade é irrenunciable. E, aínda máis, debe ser prioritaria para os gobernos de España e Portugal. Por iso, as declaracións de Pedro Sánchez no pasado Cumio Hispanoluso encheron de inquedaanza ás forzas vivas da nosa cidade ante a preferencia do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 15 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presidente español por impulsar o AVE entre Lisboa e Madrid sobre a saída sur de Vigo. Unha decisión que choca de fronte coa amosada polo seu homólogo luso, que aposta por impulsar primeiro a conexión da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Porén, o ministro de Transportes, Óscar Puente, nunha recente intervención no Senado, responsabilizou do adiamento desta conexión a Portugal, ao asegurar que o tramo portugués vai con máis atraso é que “de nada serviría que dijéramos que vamos a chegar antes si del otro lado no está”, o que contradí os plans para a liña Madrid-Lisboa, onde o goberno central está decidido a completar a parte española ata a fronteira antes incluso de que o goberno portugués faga a súa.

Ante esta situación, cómpre emitir un pronunciamento urxente para reclamar que a liña Vigo-Porto reciba a maior atención posible, coa mesma prioridade como mínimo que a Madrid-Lisboa. Xa que logo, e tal como recoñeceu o propio ministro na súa intervención na cámara alta, é evidente que ambas conexións non son excluíntes. Moi ao contrario, son compatibles.

Por ese motivo, o grupo municipal do Partido Popular na corporación de Vigo presentou o pasado 24 de outubro cadansúas mocións de urxencia, co obxectivo de debater na sesión ordinaria do pleno do devandito mes a necesidade de priorizar o AVE entre a nosa cidade e o país veciño. Porén, o PSOE de Abel Caballero vetou ese debate para convocar unha sesión extraordinaria que teoricamente permitiría abordar esta importante cuestión con maior atención.

Con todo, o Partido Socialista redactou unha moción chea de ataques ao resto de grupos políticos representados na corporación municipal. Así, en lugar de procurar o consenso, buscou dinamitalo nunha estratexia partidista contraria ao que precisa Vigo.

En aras do consenso e a unidade, e co ánimo de poñer fin a leas políticas que cansan á cidadanía, faise preciso un acordo unánime de todos os grupos. Un acordo que amose un sentimento común para que os gobernos de España e Portugal, sexan da cor política que sexan, dean a máxima prioridade á conexión de alta velocidade entre Vigo e Porto.

Polo exposto, elévase ao pleno do Concello de Vigo as seguintes propostas de acordo.

- 1.- Dirixirnos aos gobernos de España e Portugal para que aceleren ao máximo esta obra da conexión en AVE entre Porto e Vigo e para que a data de finalización desta liña de alta velocidade sexa no 2030, como ambos gobernos acordaron nos cumios de Guarda (2020) e Viana do Castelo (2022).
- 2.- Instar ao Goberno de España a seguir avanzando coa máxima celeridade na obra da saída sur ferroviaria en túnel, desde Vigo ata O Porriño e continuar coa licitación da obra entre O Porriño e a fronteira portuguesa, ademais de acordar co goberno de Portugal o lugar de encontro ferroviario do AVE entre ambos países.
- 3.- Resaltar a relevancia dentro da Unión Europea da liña Lisboa-Porto-Vigo-Madrid (directa por Cerdedo) así como a liña Lisboa-Porto-Vigo-Valladolid (bypass de Olmedo)-Euskadi-Francia, creando un gran Eixo Atlántico ferroviario vertebrando no territorio peninsular e europeo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 16 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con cinco votos (5) a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e vinte e un (21) abstencións dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2024 (Rex. Nº 4726/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Tren de alta velocidade Vigo-Porto a través da saída Sur e Vigo-Madrid directo por Cerdedo", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Ás 10,41 h., auséntase da sesión o Alcalde Presidente. Continúa a sesión, presidida polo 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

7.(218). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR O MANDATO DO GOBERNO DE ESPAÑA DE FACILITAR A PARTICIPACIÓN DOS CONCELLOS NA XESTIÓN E EXECUCIÓNS DOS FONDOS TRANSFERIDOS Á COMUNIDADE AUTÓNOMA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4727/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2024, número 4727/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Goberno de España, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, creou un compoñente específico adicado aos coidados, concretamente o compoñente 22, "Plan de Choque para unha economía dos Coidados e o Reforzo das políticas de igualdade e inclusión".

Neste marco, refórzanse as políticas de atención á dependencia impulsando un cambio de modelo de coidados de longa duración cara a unha atención máis centrada na persoa, impulsando a desinstitucionalización.

O obxectivo principal do compoñente 22 é, polo tanto, a modernización e reforzo dos servizos sociais, con especial atención ao modelo de coidados de longa duración, promovendo a innovación e as novas tecnoloxías.

O investimento do PERTE da Economía Social e dos Coidados, xa comprometeu para Galicia 83,7 millóns de euros en diferentes liñas de axudas dun orzamento global de 800 millóns de euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 17 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asemade, o Goberno de España puxo en marcha este ano a Estratexia Estatal que desenvolve un novo modelo de coidados na comunidade, á que dotou con 1.300 millóns de euros.

O Goberno de España amosou dende a posta en marcha do Plan de Resiliencia a clara vocación de que os Concellos participen da execución destes fondos, tanto é así, que a resolución da Secretaria de Estado de Dereitos Sociais, do 21.11.2022, , no seu artigo 2 di, literalmente: “As entidades locais participarán, cando menos, no 15% dos fondos asignados a cada CCAA, xa sexa directamente ou de forma compartida coa CCAA. Para isto, cada CCAA, establecerá convenios de colaboración coas entidades locais do seu territorio”.

Con datas 08.02.2021, 25.11.2022, 03.02.2023 e 11.11.2024, o Concello de Vigo dirixiuse á Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, manifestando o interese deste entidade local en participar con varios proxectos maduros nas liñas C22.17 (Plan de modernización dos servizos sociais), C.22.12 (Plan de apoios e coidados de longa duración, equipamentos innovadores) e C.22.18 (Plan España Accesible. Mellorar a accesibilidade dun xeito integral aos servizos).

A Xunta de Galicia, cun desprezo institucional sen precedentes, non ten respostado nunca as reiteradas comunicacións deste Concello manifestando o seu interese de participar nestes fondos do PERTE da Economía dos Coidados, sendo o o maior Concello de Galicia, que atende a máis de 1.400 persoas dependentes.

A día de hoxe, a Xunta de Galicia nin respostou á proposta de convenio do Concello de Vigo nin convocou ningunha liña específica á que se poidan presentar as entidades locais de Galicia no marco deste compoñente, de xeito que os Concellos, que xestionan os servizos sociais comunitarios básicos, quedan totalmente ao marxe destas axudas, o que está a privar aos Concellos dunha oportunidade de modernización dos servizos sociais e está a afectar ás persoas usuarias dos mesmos.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista, propón que o Excmo. Pleno da Corporación Municipal, adopte os seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a cumprir o mandato do Goberno de España de facilitar a participación dos concellos na xestión e execución dos fondos transferidos á Comunidade Autónoma do Plan de Reconstrucción, Transformación e Resiliencia, e, nomeadamente, neste caso, ao eixo de “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión”, solicitado polo Concello de Vigo en reiteradas ocasións.
2. Instar á Xunta de Galicia a que o criterio de distribución territorial entre as entidades locais destes fondos se realice en virtude dos mesmos indicadores e criterios obxectivos utilizados polo Goberno de España para o reparto entre as Comunidades Autónomas, de tal xeito que lle transfira ao Concello de Vigo o 12% da contía percibida polo PERTE de Política Social e de Inclusión.
3. Instar á Xunta de Galicia a que informe de forma inmediata, transparente, clara e explícita dos proxectos que se teñen presentado a este bloque social e o estado de execución dos fondos transferidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 18 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Instar á Xunta de Galicia a responder aos reiterados requerimentos formulados polo Concello de Vigo para participar con proxectos propios de carácter social nos fondos transferidos polo Goberno de España a Galicia para este fin e que explique por qué ata o día de hoxe non lle transferiu ao Concello de Vigo nin un só euro deses fondos.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2024 (Rex. Nº 4727/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, “Instando á Xunta de Galicia a cumprir o mandato do Goberno de España de facilitar a participación dos concellos na xestión e execucións dos fondos transferidos á Comunidade Autónoma e outros acordos complementarios”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(219). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE ATENDA AOS COLEXIOS DE VIGO. EXPTE. 4728/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2024, número 4728/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica recolle literalmente:

“Unha das actuacións que mellora o benestar de profesorado e alumnado é a incorporación de falsos teitos acústicos en aulas. Redúcese o ruído asociado ao uso das aulas favorecendo o funcionamento e concentración do alumnado.

Doutra banda, unha mellora que produce importantes beneficios para as persoas usuarias dos centros escolares é o cambio das actuais luminarias por equipos LED que xeren un menor consumo e permitan alcanzar unha mellor e máis uniforme iluminación no interior dos centros.

Ambas actuacións, deberíanse utilizar preferentemente coa incorporación dun novo falso teito sempre que as alturas libres dos centros escolares existentes sexan como mínimo de 2,50m.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 19 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Esixirlle á Xunta de Galicia que atenda aos colexios de Vigo que ten completamente abandonados, e como exemplo os falsos teitos, cuxa substitución é necesaria.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2024 (Rex. Nº 4728/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, “Instando á Xunta de Galicia que atenda aos colexios de Vigo”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Ás 11,15 h., auséntanse da sesión as concelleiras, Sra. Mejias Sacaluga e Iglesias González e o concelleiro Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

9.(220). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A VOLTA A GRATUIDADE TOTAL DOS LIBROS DE TEXTO. EXPTE. 4729/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2024, número 4729/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Durante o goberno de Touriño os libros de texto eran totalmente gratuitos, gratuidade que eliminou Feijoo á súa chegada á Xunta.

O Partido Popular galego volveu rechazar a volta a gratuidade total alegando que ese modelo non era xusto. Pero en cambio pidenlle ao Goberno de España que impulse o programa de gratuidade de libros de texto e axudas para material escolar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 20 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A realidade é que, aínda que as cifras varían en función das fontes, a volta ao cole neste curso 24/25 foi a máis cara dende que existen rexistros.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Esixirlle á Xunta de Galicia a volta a gratuidade total dos libros de texto.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (14), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.11.2024 (Rex. Nº 4729/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, “Instando á Xunta de Galicia a volta a gratuidade total dos libros de texto”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

RESOLUCIÓNS.

10.(221). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 22/10/2024 E O 17/11/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1787/1102. (EXPTE. PLENO 4722/1101) .

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/10/24 e o 17/11/24, incluídas no expediente 1787/1102 (Expte. Pleno 4722/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

11.(222). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 22/10/2024 E O 17/11/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1788/1102. (EXPTE. PLENO 4723/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 21 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre 22/10/24 e o 17/11/24, incluídas no expediente 1788/1102 (Expte. Pleno 4723/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

12. FORMULACIÓN DE ROGOS.

12.1.(223). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. Que o Goberno municipal, no exercicio das súas competencias, exerza unha máis intensa e efectiva supervisión sobre as obras que se están a acometendo no paseo da praia de Samil ao efecto de reducir o impacto ambiental destas, nomeadamente no referido a garantir a debida protección do seu sistema dunar.

12.2.(224). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Rogamos ao goberno municipal busque unha alternativa para levar adiante as obras de conservación e mantemento do Pazo Quiñones de León de cara ao 2025, ano no que se cumpre o centenario da doazón a cidade desde edificio, logo que a proposta presentada aos Fondos Next Generation na que se pedían 1,5 millóns de euros fora desbotada por segunda vez.

13. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

13.1.(225). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. ¿Cando vai rectificar o Goberno municipal a redución, inxusta e inxustificada, da subvención do Concello ao club de fútbol feminino Sárdoma e garantir unha achega suficiente para asegurar a continuidade dun clube de primeiro nivel e referencial no deporte feminino da cidade?

13.2.(226). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Logo de que todas as explicacións sobre a eliminación da subvención ao Sárdoma CF feminino déranse dende a concellería de Igualdade e non dende a de Deportes que sería o lóxico e pertinente preguntamos, ¿Vai o concello de Vigo a subsanar esta discriminación por razón de sexo na subvención concedida?

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno Ordinario Novembro 2024
 Legislatura: Mandato 2023-2027
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Lunes, 25 de Noviembre de 2024 09:08:08
 Fecha Fin : Lunes, 25 de Noviembre de 2024 11:42:00
 Duración : 02:33:52



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 22 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3512

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.0 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/XXMgenxT8crMuR6hVag4JjSpAYTC4rkKyDRMpefgc0BqYCFs.wmv>
SHA512 - 5160d7f5b70d8bdb5ba86a1fb2a7258d03b8d81177c46241949d19eaa4d7a558167c26fe9bdf1c574491fb8b59dd8113530a1691ea9df0ab80aefa4a53505501

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 894 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/LHG0Q31dn8dFoxmsD6gcDu28C0eVc90jYJjJUCUT7ENQTVeE.mp4>
SHA512 - 23416a6c531e066fc614ecf04103a902611af49b7bc02fe9ad1adcbac4f2bf349676105448d4559c800d226048de980e548432eab74bdeb2ff5b8d305b0e9b1b

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
00:00:42 - Caballero Álvarez, Abel
00:01:40 : 1. Actas anteriores: ordinaria do 28 de outubro, extraordinaria do 7 de novembro e extraordinaria do 14 de novembro 2024.
00:01:54 : 2. Declaración Institucional acordada pola FEMP: ?Con la ciudadanía y los ayuntamientos de la Comunidad Valenciana, Castilla - La Mancha y Andalucía afectados por la DANA?. Expte. Pleno 4721/1101.
00:02:14 - Toma Asento Luisa Ocampo Pereira
00:02:34 : 3. Declaración Institucional polo 25 de novembro, ?Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. Expte 13434/224 (Expte. Pleno 4719/1101).
00:03:00 - Oradora invitada
00:03:17 - Caballero Álvarez, Abel
00:03:43 - Oradora invitada
00:08:41 - Caballero Álvarez, Abel
00:09:38 - Caballero Álvarez, Abel
00:10:22 : 4. Aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025. Expediente 1742/110. (Expte. Pleno 4714/1101).Mocións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 23 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:10:37 - López Font, Carlos
 00:15:41 - Caballero Álvarez, Abel
 00:15:50 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:20:59 - Caballero Álvarez, Abel
 00:21:06 - Martín Peña, José Miguel
 00:25:59 - Caballero Álvarez, Abel
 00:26:09 - López Font, Carlos
 00:29:13 - Caballero Álvarez, Abel
 00:29:25 - Voto particular [9:37:32]
 00:29:49 - Votación [9:37:56]
 00:30:16 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-
- 00:31:33 : 5. Moción do grupo municipal do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista. Expte. Pleno 4725/1101.
- 00:32:03 - Martínez Piñeiro, Ana
 00:37:02 - Caballero Álvarez, Abel
 00:37:18 - García González, Patricia
 00:42:39 - Caballero Álvarez, Abel
 00:42:56 - Iglesias González, Ana Laura
 00:47:55 - Caballero Álvarez, Abel
 00:48:16 - Martínez Piñeiro, Ana
 00:51:26 - Caballero Álvarez, Abel
 00:51:35 - Votación [9:59:43]
- 00:52:05 : 6. Moción do grupo municipal do Partido Popular referente ao tren de alta velocidade Vigo-Porto a través da saída sur e Vigo-Madrid directo por Cerdedo. Expte. 4726/1101.
- 00:52:23 - Martín Peña, José Miguel
 00:57:25 - Caballero Álvarez, Abel
 00:57:37 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:02:41 - Caballero Álvarez, Abel
 01:02:52 - López Font, Carlos
 01:07:58 - Caballero Álvarez, Abel
 01:08:06 - Martín Peña, José Miguel
 01:11:07 - Caballero Álvarez, Abel
 01:32:28 - Votación [10:39:36]
- 01:32:59 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a cumprir o mandato do Goberno de España de facilitar a participación dos concellos na xestión e execucións dos fondos transferidos á Comunidade Autónoma e outros acordos complementarios. Expte. 4727/1101.
- 01:33:23 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:38:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:38:37 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:43:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:44:11 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:49:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:49:07 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:52:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:52:18 - Votación [11:00:25]
- 01:52:51 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia que atenda aos colexios de Vigo. Expte. 4728/1101.
- 01:53:06 - Alonso Suarez, María Olga
 01:57:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:58:04 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:03:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:03:18 - Benavides Alonso, Daniel
 02:08:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:08:34 - Alonso Suarez, María Olga



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 24 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:11:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:11:47 - Votación [11:19:55]

- 02:12:05 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a volta a gratuidade total dos libros de texto. Expte. 4729/1101.
- 02:12:16 - Alonso Suarez, María Olga
- 02:17:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:17:14 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:22:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:22:23 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 02:27:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:27:33 - Alonso Suarez, María Olga
- 02:30:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:30:38 - Votación [11:38:45]

- 02:30:55 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/10/2024 e o 17/11/24, incluídas no expediente 1787/1102. (Expte. Pleno 4722/1101).

- 02:31:08 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/10/2024 e o 17/11/24, incluídas no expediente 1788/1102. (Expte. Pleno 4723/1101).

- 02:31:20 : 12. Formulación de rogos.
- 02:31:26 - Martínez Piñeiro, Ana
- 02:31:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:32:04 - Martín Peña, José Miguel
- 02:32:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

- 02:32:31 : 13. Formulación de preguntas.
- 02:32:36 - Abalde Comesaña, Filipe
- 02:32:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:33:05 - Martín Peña, José Miguel
- 02:33:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e corenta e dous minutos (11:42) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 21/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 25 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:51	Páxina 26 de 26
4750-1101	CSV: ACA7C5-CE38D7-BFA6B6-XC59J8-9DH3RS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		